

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Modificación tribunal do proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, de 1 praza de traballador/a social (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)*

#### ANUNCIO

**Modificación do tribunal cualificador do Proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de Concurso-Oposición, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Traballador/a Social incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.**

EXPEDIENTE: 2022/E001/000068 – TRABALLADOR/A SOCIAL

Aprobada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1822/2024 do 03/07/2024 (BOP núm. 131 do 09/07/2024) a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeado o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Traballador/a Social incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo, celebrada a sesión constitutiva e a sesión de baremación de méritos da fase de concurso, por Resolución da Alcaldía núm. 2112/2024, do 23/07/2024,

Resolveuse o seguinte:

« **Primeiro.-** Determinada a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria na dita Resolución, e habendo presentado a súa renuncia o **secretario titular** do citado tribunal, proceder a súa substitución nos termos seguintes:

D<sup>a</sup>. **Carmen Del Río Rodríguez**, Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo, substitúe a D. Miguel Piñeiro Souto, Secretario Xeral do Concello de Carballo.

**Segundo.-** Consonte coa previsión contida na Base Sexta das Bases Xerais e Bases Específicas reguladoras das convocatorias e procesos selectivos referentes ás prazas incluídas na Oferta de Emprego Público Extraordinaria do Concello de Carballo para o ano 2022, bases e convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 3600/2022 do 28/11/2022 (BOP núm. 229 do 02/12/2022; BOE núm. 301 do 16/12/2022), recordar ás persoas aspirantes admitidas que foron convocadas, mediante anuncio publicado no BOP núm. 131 do 09/07/2024, para a realización do **exercicio teórico-práctico** da fase de oposición o vindeiro **mércres 31 de xullo ás 11.00 horas** no Salón de Plenos, sito na segunda planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

**Terceiro.-** Publicar anuncio da modificación do tribunal cualificador no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e, de forma supletoria, na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)). »

En Carballo, 24 de xullo de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/5338